



CAMPAÑA DE NEVE 2022 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O Concello de Cedeira conta con seis prazas para a Campaña de neve 2022 da Deputación da Coruña (6ª quenda, dende o 18/02/2022 ao 21/02/2022).

A estancia e manutención será en aloxamentos ubicados na estación invernal de VALGRANDE-PAJARES (ASTURIAS).

- **Idades dos rapaces/zas participantes:** de 12 a 15 anos inclusive (cumpridos a 31 de decembro de 2021).

- O **transporte** desde a comarca, tanto de ida como de volta está incluído na oferta. Os puntos da comarca onde terá lugar a recollida notificarase con suficiente anticipación.

- Terán **preferencia** os/as rapaces/zas que non foran a ningunha campaña da neve da Deputación. No suposto de ter máis solicitudes que número de prazas concedidas pola Deputación, realizarase un sorteo público ante a Secretaria do concello para adxudicar as mesmas entre o 15 de decembro e o día 17 de decembro de 2021.

- **Cota de participación:** 85 €.

- **Prazo para as solicitudes de inscrición:** ata o día 14 de decembro de 2021, de maneira presencial no rexistro (oficinas xerais), ou ben a través da sede electrónica do Concello de Cedeira cumprimentando unha instancia xeral na cal se indicarán os seguintes datos:

- Nome da persoa responsable do/a menor (nai, pai, titor/a)
- Enderezo
- DNI
- Teléfono
- Enderezo para efectos de notificación
- Correo electrónico (non imprescindible)
- Nome do/a menor representado/a

Cedeira, 3 de decembro de 2021

(documento asinado dixitalmente polo Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil)